

acordo. A sociedade anónima deportiva estará obrigada a colaborar co auditor de contas, facilitándolle toda a información que lle sexa solicitada por este, de conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas.»

Disposición transitoria única. *Fixación do capital social mínimo das sociedades anónimas deportivas desde a finalización da temporada 2001/2002.*

Para a tramitación e resolución dos procedementos de fixación de capital social mínimo de sociedades anónimas deportivas incoados a partir da finalización da temporada 2000/2001, resultarán de aplicación as disposicións previstas no número 1 do artigo único deste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

831 *REAL DECRETO 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras. («BOE» 13, do 15-1-2002.)*

O Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, incorporou ó ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, do Consello, do 20 de xullo, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, a cal se baseou no Convenio europeo do 10 de marzo de 1976 (do Consello de Europa) ratificado por España mediante instrumento do 21 de abril de 1988, no que se recollen as normas mínimas sobre protección de animais en explotacións gandeiras.

O Comité Permanente do dito convenio adoptou en 1995 unha recomendación pormenorizada na que se incluían as galiñas poñedoras.

Unha vez dictada a Directiva 1999/74/CE, do Consello, do 19 de xullo de 1999, pola que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras, faise necesaria a súa incorporación ó ordenamento xurídico interno.

A mencionada directiva modifica de modo significativo as condicións de cría destes animais, coa prohibición de novas instalacións de gaiolas non acondicionadas a partir do 1 de xaneiro de 2003, e co establecemento de condicións máis esixentes para os sistemas alternativos de cría desde o 1 de xaneiro de 2002 nas explotacións de nova instalación. Así mesmo, e a partir do 1 de xaneiro de 2007, será obrigatorio que tódalas explotacións de cría mediante sistemas alternativos se adapten ós requisitos deste real decreto. Por outro lado, desde o 1 de xaneiro de 2012 será obrigatoria a utilización de gaiolas acondicionadas en tódalas explotacións que utilicen o sistema de cría en gaiolas.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xaneiro de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establece-las normas mínimas de protección das galiñas poñedoras.

2. Este real decreto non será de aplicación:

a) Ós establecementos de menos de 350 galiñas poñedoras.

b) Ós establecementos de cría de galiñas poñedoras reproductoras.

Os ditos establecementos permanecen suxeitos ós requisitos pertinentes establecidos no Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ó ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións contidas no Real decreto 348/2000.

Así mesmo, entenderase por:

a) Galiñas poñedoras: as galiñas da especie «Gallus gallus» que acadasen a madurez para a posta de ovos e criadas para a produción de ovos non destinados á incubación.

b) Niño: un espazo separado, o chan do cal non poderá estar composto de rede de arame, que poderá estar en contacto coas aves, disposto para a posta de ovos dunha galiña ou dun grupo de galiñas (niño colectivo).

c) Cama: todo material de textura friable que lles permita ás galiñas cubri-las súas necesidades etolóxicas.

d) Superficie utilizable: unha superficie de 30 centímetros de longo como mínimo, cunha inclinación máxima do 14 por 100, e cun espazo libre de, como mínimo, 45 centímetros de altura. As superficies do niño non forman parte da superficie utilizable.

e) Rastrexabilidade: a posibilidade de encontrar e segui-lo rastro, a través de tódalas etapas de produción, transformación e distribución, dos ovos comercializados para o consumo humano.

f) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas, para o establecido neste real decreto.

Artigo 3. *Requisitos.*

1. Os propietarios ou posuidores de galiñas poñedoras deberán cumprir, ademais dos requisitos establecidos no Real decreto 348/2000, os requisitos xerais que se establecen no anexo I deste real decreto.

2. Así mesmo, deberán cumprir en cada caso, segundo o sistema de cría, os seguintes requisitos:

a) Para a cría en gaiolas non acondicionadas, os establecidos no anexo II. Non obstante, este sistema de cría quedará prohibido a partir do 1 de xaneiro de 2012 e a construción e posta en servicio por primeira vez de gaiolas non acondicionadas quedarán prohibidas a partir do 1 de xaneiro de 2003.

b) Para a cría en gaiolas acondicionadas, os establecidos no anexo III.

c) Para a cría mediante sistemas alternativos, os establecidos no anexo IV.

Artigo 4. Rexistro.

Os establecementos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto deberán ser rexistrados pola autoridade competente cun número distintivo que fará posible a rastrexabilidade dos ovos comercializados para o consumo humano.

Artigo 5. Inspección.

1. A autoridade competente efectuará inspeccións que permitan comproba-lo cumprimento das disposicións deste real decreto. As ditas inspeccións poderanse tamén realizar cando se efectúen controis con outros fins.

2. Para efectos do cumprimento da obriga de informa-la Comisión da Unión Europea, a autoridade competente elaborará un informe sobre as inspeccións nesta materia realizadas no seu territorio.

3. Coa información subministrada polas autoridades competentes, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación confeccionará un informe que será remitido á Comisión da Unión Europea a través da canle correspondente.

Artigo 6. Controis da Comisión.

1. Na realización dos controis que os expertos en veterinaria da Comisión da Unión Europea realicen, de conformidade coa previsión contida no artigo 9 da Directiva 1999/74/CE, do Consello, do 19 de xullo, representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderán acompañalos representantes dos órganos competentes das comunidades autónomas.

2. Cando se realicen os devanditos controis, os órganos competentes das comunidades autónomas e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, deberán prestar ós expertos veterinarios da Comisión da Unión Europea toda a asistencia que necesiten para o cumprimento do seu cometido.

3. O resultado dos controis efectuados deberá discutirse entre os expertos veterinarios da Comisión Europea e os representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes da elaboración e difusión dun informe definitivo. Para estes efectos estableceranse, entre o Ministerio e as autoridades competentes afectadas, os mecanismos de colaboración oportunos.

4. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para ter en conta os resultados dos controis efectuados.

Artigo 7. Infraccións e sancións.

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei de epizootias do 20 de decembro de 1952, no seu regulamento aprobado por decreto do 4 de febreiro de 1955, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional única. Carácter básico e título competencial.

Este real decreto ten carácter básico e díctase ó abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 149.1.16.^a da Constitución, polos que se lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Queda derogada a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 21 de outubro de 1987, pola que se establecen normas mínimas para a protección das galiñas poñedoras en batería, modificada polas ordes do 29 de xaneiro de 1990 e 21 de xuño de 1991. Con todo, manterán a súa vixencia no relativo ós requisitos esixibles nela ata a plena aplicabilidade deste real decreto, de conformidade cos prazos establecidos na disposición derradeira segunda.

Disposición derradeira primeira. Facultade de aplicación.

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto e, en especial, para establecer a frecuencia de remisión dos informes previstos neste real decreto e adapta-lo contido dos anexos ás modificacións da normativa comunitaria.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2002, coa excepción de:

1. Os requisitos esixidos para a cría en gaiolas non acondicionadas, previstos no anexo II deste real decreto, que serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2003.

2. Os requisitos esixidos ós sistemas alternativos previstos no anexo IV, que lles serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2002 a aquelas instalacións construídas, reconstruídas ou postas en servicio por primeira vez, e a partir do 1 de xaneiro de 2007 a tódalas instalacións desta natureza.

Dado en Madrid o 11 de xaneiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I**Requisitos xerais**

Deberase cumpri-lo disposto no Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ó ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, e os seguintes requisitos adicionais:

1. Tódalas galiñas deberán ser inspeccionadas polo seu propietario ou outra persoa responsable das galiñas polo menos unha vez ó día.

2. O nivel de ruído deberase mante-lo máis baixo posible. Deberase evita-lo ruído duradeiro ou repentino. Os sistemas de ventilación, os mecanismos de alimentación e demais aparellos deberanse construír, montar, manter e utilizar de maneira que produzan o menor ruído posible.

3. Tódolos edificios deberán estar iluminados de xeito que as galiñas se poidan ver claramente unhas a outras e ser vistas con claridade, que poidan observa-lo medio que as rodea e que poidan desenvolver as súas actividades nun marco normal. No caso de iluminación mediante luz natural, as aberturas que deixen entra-la luz estarán dispostas de maneira que toda a instalación quede iluminada por igual.

Tralos primeiros días de adaptación, o réxime de iluminación establecerase de maneira que se eviten problemas sanitarios e de comportamento. Por conseguinte, este deberá seguir un ritmo de vinte e catro horas e incluír un período de escuridade suficiente e ininterrompida, por exemplo e con carácter indicativo, aproximadamente un tercio da xornada, para permitir que descansen as galiñas e evitar problemas como a inmunodepresión e as anomalías oculares. Deberase respectar un período de penumbra de suficiente duración cando diminúa a luz, para permitir que as galiñas se instalen sen perturbacións nin feridas.

4. Tódolos locais, o equipo e os utensilios que estean en contacto coas galiñas deberán ser limpados e desinfectados a fondo con regularidade e, en calquera caso, cada vez que se practique un baleiro sanitario e antes da chegada dun novo lote de galiñas. Mentres os galiñeiros estean ocupados, tódalas súas superficies e instalacións se deberán manter suficientemente limpas.

Os excrementos deberán retirarse coa frecuencia que sexa necesaria; e as galiñas mortas, diariamente.

5. Os sistemas de cría deberán estar convenientemente acondicionados para evitar que as galiñas poidan escapar.

6. As instalacións que consten de varios niveis deberán estar provistas de dispositivos ou de medidas axeitadas que permitan inspeccionar directamente e sen trabas tódolos niveis e que faciliten a extracción das galiñas.

7. O deseño e as dimensións da abertura da gaiola deberán ser suficientes para permitir que unha galiña adulta se poida extraer dela sen padecer sufrimentos inútiles nin feridas.

8. Sen prexuízo do disposto no número 9 do anexo do Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ó ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, queda prohibida toda mutilación.

Sen embargo, para evitar que peteiren as plumas e o canibalismo, poderase recorta-lo peteiro das aves sempre e cando a dita operación sexa practicada por persoal cualificado e só sobre os pitos de menos de dez días destinados á posta de ovos.

ANEXO II

Cría en gaiolas non acondicionadas

A partir do 1 de xaneiro de 2003 tódalas gaiolas cumprarán, polo menos, os requisitos seguintes:

1. As galiñas poñedoras deberán dispoñer de polo menos 550 centímetros cadrados de superficie da gaiola por galiña, que deberá ser utilizable sen restriccións, en particular sen ter en conta a instalación de bordos deflectores antidesperdicio que poidan limita-la superficie dispoñible, e medida no plano horizontal.

2. Deberase prever unha comedeira que poida ser utilizada sen restriccións. A súa lonxitude deberá ser de polo menos 10 centímetros, multiplicada polo número de galiñas na gaiola.

3. Se non hai bebedoiros en cunca ou de boquilla, cada gaiola deberá dispoñer dun bebedeiro continuo da mesma lonxitude que a comedeira recollida no número 2. No caso dos bebedoiros con conexións, polo menos dúas boquillas ou dúas cuncas deberán encontrarse ó alcance de cada gaiola.

4. As gaiolas deberán ter unha altura de, ó menos, 40 centímetros sobre un 65 por 100 da superficie da gaiola, e non menos de 35 centímetros en ningún punto.

5. O chan das gaiolas deberá construírse de xeito que soporte de maneira adecuada cada un dos dedos anteriores de cada pata. A inclinación non excederá dun

14 por 100 ou de 8 graos. No caso dos chans nos que se utilicen materiais distintos da rede de arame rectangular, a autoridade competente poderá permitir pendentes máis pronunciadas.

6. As gaiolas estarán provistas de dispositivos de recorte de unllas adecuados.

ANEXO III

Cría en gaiolas acondicionadas

Tódalas gaiolas cumprarán, polo menos, os requisitos seguintes:

1. As galiñas poñedoras deberán dispoñer:

a) De, cando menos, 750 centímetros cadrados de superficie da gaiola por galiña, 600 centímetros cadrados deles de superficie utilizable, entendendo que a altura da gaiola á parte da existente por riba da superficie utilizable deberá ser, como mínimo, de 20 centímetros en calquera punto, e que a superficie total da gaiola non poderá ser inferior a 2.000 centímetros cadrados.

b) Dun niño.

c) Dunha cama que permita peteirar e escaravellar.

d) De poleiros convenientes que ofrezan, como mínimo, un espazo de 15 centímetros por galiña.

2. Deberase prever unha comedeira que poida ser utilizada sen restriccións. A súa lonxitude deberá ser, como mínimo, de 12 centímetros multiplicada polo número de galiñas na gaiola.

3. Cada gaiola deberá dispoñer dun bebedeiro apropiado, tendo en conta, especialmente, o tamaño do grupo. No caso dos bebedoiros con conexións, polo menos dúas boquillas ou dúas cuncas deberán encontrarse ó alcance de cada galiña.

4. Para facilita-la inspección, a instalación e a retirada de animais, as fileiras de gaiolas deberán estar separadas por corredores de 90 centímetros de largo, como mínimo, e deberá haber un espazo de 35 centímetros, como mínimo, entre o chan do establecemento e as gaiolas das fileiras inferiores.

5. As gaiolas estarán equipadas con dispositivos adecuados de recorte de unllas.

ANEXO IV

Sistemas alternativos

1. As instalacións débense equipar de tal xeito que tódalas galiñas poñedoras dispoñan:

a) De comedeiros lonxitudinais que ofrezan, como mínimo, 10 centímetros de lonxitude por ave, ou ben de comedeiros circulares que ofrezan, como mínimo, 4 centímetros de lonxitude por ave.

b) De bebedoiros continuos que ofrezan 2,5 centímetros de lonxitude por galiña, ou ben de bebedoiros circulares que ofrezan 1 centímetro de lonxitude por galiña.

Ademais, se os bebedoiros foren de boquilla ou en cunca, deberá haber, polo menos, un por cada dez galiñas. No caso de bebedoiros con conexións, cada galiña terá acceso a dous bebedoiros de boquilla ou en cunca, como mínimo.

c) De, polo menos, un niño para sete galiñas. Cando se utilicen niños colectivos, debe estar prevista unha superficie de, polo menos, 1 metro cadrado para un máximo de 120 galiñas.

d) De poleiros convenientes, sen bordos cortantes e cun espazo de, como mínimo, 15 centímetros por galiña. Os poleiros non se instalarán sobre a cama, e a distancia horizontal entre cada poleiro será de 30 centí-

metros, e entre o poleiro e a parede de 20 centímetros como mínimo.

e) De, ó menos, 250 centímetros cadrados da superficie da cama por galiña; a cama deberá ocupar, cando menos, un tercio da superficie do chan.

2. O chan das instalacións deberá estar construído de xeito que soporte adecuadamente cada un dos dedos anteriores de cada pata.

3. Ademais das disposicións establecidas nos números 1 e 2 deste anexo:

A) Para os sistemas de cría que lles permiten ás galiñas poñedoras desprazarse libremente entre distintos niveis:

1.º O número de niveis superpostos límitase a 4.

2.º A altura libre entre os niveis deberá ser de, polo menos, 45 centímetros.

3.º As comedoiras e bebedoirs deberanse distribuír de tal modo que tódalas galiñas teñan acceso por igual.

4.º Os niveis estarán dispostos de tal xeito que se impida a caída de excrementos sobre os niveis inferiores.

B) Cando as galiñas poñedoras teñan acceso a espazos exteriores:

1.º Varias trapelas de saída deberán dar directamente acceso ó espazo exterior e polo menos ter unha altura de 35 centímetros e unha largura de 40 centímetros e distribuírse sobre toda a lonxitude do edificio; en calquera caso, unha abertura dunha largura total de 2 metros deberá estar dispoñible por grupo de 1.000 galiñas.

2.º Os espazos exteriores deberán:

a) Co fin de previr calquera tipo de contaminación, ter unha superficie apropiada con respecto á densidade de galiñas que os ocupen e á natureza do chan.

b) Estar provistos de cochos contra as intemperies e os predadores e, se é o caso, de bebedoirs adecuados.

4. A densidade de aves non deberá ser superior a nove galiñas poñedoras por metro cadrado de superficie utilizable.

En calquera caso, cando a superficie utilizable corresponda coa superficie do chan dispoñible, poderase utilizar, ata o 31 de decembro de 2011, unha densidade de aves de doce galiñas por metro cadrado de superficie dispoñible, para os establecementos que apliquen este sistema o 3 de agosto de 1999.

MINISTERIO DE ECONOMÍA

1043 *REAL DECRETO 1443/2001, do 21 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, no referente ó control das concentracións económicas. («BOE» 16, do 18-1-2002.)*

A Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, foi desenvolvida en materia de control de concentracións económicas polo Real decreto 1080/1992, do 11 de setembro, que concretou os aspectos procedementais aplicables contidos no capítulo II do título I desta lei.

Nos últimos anos, o capítulo II do título I da citada Lei 16/1989 foi substancialmente modificado por distintas disposicións, que tiveron como efecto fundamental o paso dun sistema de notificación voluntaria a un mode-

lo de notificación obrigatoria e previa das operacións de concentración económica.

Así, o artigo 10 do capítulo VIII do Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia, introduciu cambios importantes en relación co deber de notificación das concentracións económicas e o procedemento de tramitación dos expedientes.

Posteriormente, a Lei 52/1999, do 28 de decembro, de reforma da Lei 16/1989, introduciu un novo artigo 57 polo que se crea unha taxa por análise e estudo das operacións de concentración, a execución e xestión das cales require un desenvolvemento regulamentario. Este artigo 57 foi modificado, pola súa vez, polo Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servicios.

O citado Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, estableceu a obriga de suspensión das operacións de concentración ata a súa autorización, acurtando ó mesmo tempo os prazos de instrución do expediente. Non obstante, o ministro de Economía poderá levantar esta suspensión, por proposta do Servizo de Defensa da Competencia, e a petición do notificante.

Por último, a normativa relevante para o control de concentracións viuse afectada pola Lei 9/2001, do 4 de xuño, pola que se modifica a disposición transitoria sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, determinados artigos da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e determinados artigos da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro. En concreto, esta norma precisou a redacción do artigo 17 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e modificou o artigo 18, establecéndose a posibilidade de impor multas coercitivas polo incumprimento do ordenado polos acordos do Consello de Ministros en materia de control de concentracións.

Ademais da necesaria adaptación do procedemento de control de concentracións ós referidos cambios normativos, a experiencia acumulada polos órganos de defensa da competencia nos últimos anos aconsella introducir certas melloras no desenvolvemento regulamentario da Lei 16/1989.

Por todo isto, este real decreto desenvolve a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, no referente ó procedemento de control de concentracións e a forma e contido da notificación destas, substituíndo o Real decreto 1080/1992, do 11 de setembro, que queda derogado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de decembro de 2001,

DISPÓN O :

CAPÍTULO I

Normas comúns

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

O procedemento que seguirán os órganos de defensa da competencia para o control das concentracións económicas que establece o capítulo II do título I da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, axustarase ó previsto neste real decreto.